

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**Organismo: DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO E ORIENTACIÓN**

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Orde de 13 de outubro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego do Catálogo de Especialidades Formativas do Servicio Público de Emprego Estatal ou do Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade correspondentes aos exercicios 2023 e 2024 (código de procedemento TR301V).

TEXTO:

(Escribir a dous espazos)

Os apartados 1 e 2 do artigo 29 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúen á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en materia laboral e de fondos de ámbito nacional e de emprego.

A Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral, contempla a planificación e o financiamento do sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, a programación e execución das accións formativas, o control, o seguimento e o réxime sancionador, así como o sistema de información, a avaliación, a calidade e a gobernanza do sistema.

O Real Decreto 694/2017, do 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, completa este marco regulador e dedica o seu artigo 25 ás axudas e bolsas que poden percibir as persoas traballadoras desempregadas que participen nas accións formativas.

Asemade, a Orde TMS/368/2019, de 28 de marzo, pola que se desenvolve o Real Decreto 694/2017, de 3 de xullo, polo que se desenvolve a Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, en relación coa oferta formativa das administracións competentes e o seu financiamento, e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento, regula, no seu capítulo IV, as diferentes tipoloxías de bolsas e axudas.

Neste senso o artigo 23.2 da citada orde ministerial dispón que as administracións públicas competentes establecerán nos seus respectivos ámbitos as contías, prazos de solicitude e concesión das bolsas e axudas previstas, determinándose no seu anexo II as súas contías

máximas.

A posterior publicación da Orde TES/1109/2020, do 25 de novembro (BOE núm. 311, do 27 de novembro), modificou a Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo.

En relación coas accións formativas referenciadas no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade, salienta que, coa publicación no BOE do 5 de outubro de 2022 da orde EFP/942/2022, de 23 de setembro, procedeuse a regular a oferta formativa do sistema de Formación profesional no ámbito laboral asociada ao Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais efectuada polas administracións competentes, establecéndose as bases reguladoras e as condicións para o seu financiamento. Dita orde concreta no seu capítulo IV os criterios a cumprir para ser perceptor dunha bolsa ou ter dereito a unha axuda.

Por resolución da Secretaría General de Formación Profesional do Ministerio de Educación y Formación Profesional do 26 de xuño de 2023, BOE do 6 de xullo, publicouse o Acordo da Conferencia Sectorial do Sistema de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego polo que se aprobou a proposta de distribución territorial e os criterios de reparto dos créditos xestionados polas comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas no ámbito da formación profesional para o emprego vencellada ao "Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales", no exercicio orzamentario 2023. Nesta resolución concedéronse á Comunidade Autónoma de Galicia diversas cantidades consignadas nos Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio económico de 2023, para o desenvolvemento de accións formativas incluídas no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade impartidas en centros do sistema de formación profesional non incorporados ao sistema educativo.

Así mesmo, a orde TES/630/2023, do 14 de xuño, BOE núm. 144 do 17 de xuño, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico de 2023, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, créditos do ámbito laboral financiados con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado, non financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, estableceu a distribución de créditos entre Comunidades Autónomas para o financiamento daquelas iniciativas do sistema de formación profesional para o emprego incluídas no Catálogo de Especialidades Formativas non dirixidas á obtención de certificados de profesionalidade e cuxa competencia corresponde ao Servizo Público de Emprego Estatal.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 5.2. que a concesión de axudas e subvencións se axustará aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, aos que se axusta esta disposición.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula os requisitos de concesión e xustificación das subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos que teñen carácter básico, polo que son de aplicación á normativa nesta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta orde de convocatoria.

O obxecto desta orde é concretar os principios xerais contidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no relativo á concesión de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes a especialidades incluídas no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade, así como o resto da oferta formativa de carácter formal incluída no Catálogo de Especialidades Formativas do Servizo Público de Emprego Estatal .

A orde describe as diferentes tipoloxías de bolsas e axudas, os requisitos a cumprir para ser persoa beneficiaria delas e o procedemento a seguir polo alumnado para a súa solicitude.

Á vista do anterior, e logo de consultar ao Consello Galego de Relacións Laborais, en exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia,

DISPOÑO

Artigo 1. *Obxecto*

1. A presente orde ten por obxecto regular o réxime da concesión directa de subvencións por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade en concepto de bolsas e axudas para as persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de especialidades ou módulos formativos do Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade, ou de especialidades formativas do Catálogo de Especialidades Formativas do Servicio Público de Emprego Estatal financiadas pola referida consellería (código de procedemento TR301V).

Non se inclúe no ámbito de aplicación desta orde a formación impartida nos programas integrados de emprego, nos obradoiros de emprego ou nas accións formativas financiadas con fondos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia.

2. Por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións, referidas ás accións formativas que se inicien no período comprendido entre o 1 de novembro de 2023, día da entrada en vigor desta orde, e o 30 de novembro de 2024 (ambos inclusive).

Artigo 2. *Financiamento*

1. Para o financiamento destas axudas destínase un crédito total de 9.360.000 €, distribuído en dúas anualidades, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 11.50.323A.480.0, códigos de proxecto 2013 00545 e 2021 00149.

A distribución do importe por anualidades especificase na seguinte táboa:

Aplicación	Proxecto	Anualidade 2023	Anualidade 2024
11.50.323A.480.0	2013 00545	60.000 €	800.000 €
11.50.323A.480.0	2021 00149	500.000 €	8.000.000 €
Total		560.000 €	8.800.000 €

2. A concesión das subvencións en concepto de bolsas e axudas previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario.

De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

3. Se o orzamento asignado non é suficiente para proceder ao pagamento de todas as axudas solicitadas, aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación. Para estes efectos, terase en conta a data en que a correspondente solicitude se presentase nalgún dos lugares

previstos nesta orde ou, no caso de que a solicitude non estea completa, a data na que a mesma fose emendada.

No caso de coincidencia na data de presentación entre dúas ou máis solicitudes presentadas, a orde de prioridade virá determinada pola hora de presentación.

4. Os créditos consignados nesta orde poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de formación profesional para o emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e a Conferencia Sectorial do Sistema de Cualificacións e Formación Profesional para o Emprego e nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. Poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. De ser o caso, o incremento estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán obter a condición de persoas beneficiarias das subvencións en concepto de bolsas e axudas obxecto da presente convocatoria as persoas traballadoras desempregadas que participen nas accións formativas recollidas no artigo 1 e que reúnan os requisitos esixidos con carácter xeral nesta orde, así como os particulares establecidos nos artigos que se refiren a cada tipo de bolsa ou axuda.

2. Para os efectos do indicado no punto 1 deste artigo, terán a consideración de persoas traballadoras desempregadas aquelas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia e con situación laboral como non ocupada, na data de inicio da acción formativa ou no momento da súa incorporación á acción formativa.

Tamén poderán obter a condición de beneficiarias as persoas traballadoras que, tendo a condición laboral de ocupadas no momento da súa incorporación á acción formativa, naqueles procedementos e supostos en que estea permitida a participación de persoas traballadoras ocupadas, adquieran a condición de persoas traballadoras desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia durante o período de desenvolvemento da acción formativa.

Neste caso, só terán dereito a percibir as axudas que lles poidan corresponder dende o primeiro día do mes seguinte a aquel en que adquieran a condición de persoa desempregada. No suposto de que desapareza o feito causante, perderase o dereito a percibir a axuda a partir do primeiro día do mes seguinte a aquel en que teña lugar esta situación.

A persoa beneficiaria debe comprometerse a manter os requisitos que lle permiten o acceso á subvención durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito, de tal maneira que se deixase de cumprilos, estará obrigada a comunicalo por escrito ao órgano competente para resolver, no prazo de cinco días hábiles dende que se produza tal circunstancia.

3. Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria das subvencións previstas nesta Orde aquelas nas cales concorran algunhas das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A xustificación polas persoas solicitantes de non estar incursas en ningunha das anteditas circunstancias realizarase, de acordo co disposto no artigo 16 desta orde, mediante unha declaración responsable incluída no modelo de solicitude do anexo I, cuxo contido estará suxeito ao disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sobre declaración responsable e comunicación.

4. As referencias que nesta orde se contemplan con respecto ao momento a partir do cal se ten dereito a percibir a bolsa ou axuda refírense aos efectos do cómputo, pois a percepción do importe correspondente á subvención efectuarase no momento correspondente, logo da instrución, tramitación, proposta e resolución, nos termos desta mesma orde, e tendo en conta, especialmente, tal como se establece no artigo 4.3 desta orde, a necesidade de que exista un mínimo acumulado de 100 € ou fracción.

Artigo 4. Bolsas e axudas. Tipoloxía e réxime de concesión

1. As tipoloxías de bolsas e axudas reguladas nesta orde son as seguintes:

- Bolsas de asistencia para os seguintes colectivos:
 - Persoas con discapacidade recoñecida en grao igual ou superior ao 33%.
 - Persoas que participan nunha acción formativa incluída no seu itinerario persoal individualizado de emprego.
 - Membros integrantes dunha familia numerosa.
 - Membros integrantes dunha familia monoparental.
 - Vítimas de violencia de xénero.
- Axudas por participar na acción formativa:
 - Para transporte público, urbano e interurbano, ou vehículo propio.
 - Para manutención.
 - Para aloxamento e manutención.
 - Para conciliación.

2. Os distintos tipos de subvención son compatibles e acumulables entre si coas seguintes excepcións:

a) As bolsas de asistencia para persoas cunha discapacidade recoñecida nun grao igual ou superior ao 33%, as das persoas que participen nunha acción formativa solicitada dende o seu itinerario persoal individualizado de emprego (IPE), así como as destinadas a persoas que formen parte dunha familia monoparental ou numerosa, son excluíntes entre si e non se poderán percibir simultánea e acumulativamente.

b) A axuda por transporte público e a axuda por transporte en vehículo propio son incompatibles entre elas.

3. De acordo co establecido no artigo 23.2 da Orde TMS/368/2019, do 28 de marzo, e no artigo 25.2 da orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, no relativo ao limiar mínimo de tramitación, deberá existir un mínimo acumulado de 100 € por persoa desempregada participante nas accións formativas para proceder á tramitación das bolsas e axudas. Naqueles supostos en que, pola duración do curso ou do período de concorrencia do feito causante, os días de asistencia á formación non permitan chegar ao antedito mínimo de 100 € por persoa, a tramitación realizarase ao remate da acción formativa, pola fracción correspondente.

O sinalado no anterior parágrafo non impedirá que o órgano administrativo competente na materia poida determinar a tramitación de bolsas e axudas por importes inferiores se as posibilidades de xestión e a carga de traballo da unidade administrativa o permiten.

4. Nas actividades presenciais, o dereito do alumnado a percibir as bolsas e axudas referirase a cada día de asistencia debidamente acreditada a través dos medios de control de asistencia aplicables.

5. O alumnado que participe en accións formativas impartidas, total ou parcialmente, na modalidade de teleformación ou mediante aula virtual, terá dereito a percibir, sempre que quede debidamente acreditada a súa participación ou asistencia e cumpran cos requisitos necesarios para a súa obtención, as seguintes bolsas e axudas: bolsa de asistencia por discapacidade recoñecida, bolsa de asistencia por participar nunha acción formativa do seu itinerario persoal individualizado de emprego, bolsa de asistencia por ser membro dunha familia monoparental ou numerosa, axuda por conciliación e axuda a vítimas de violencia de xénero.

Cando a formación se imparta na modalidade de teleformación ou mediante aula virtual, o alumnado terá dereito, de ser o caso, a percibir axudas por transporte, para manutención ou por aloxamento e manutención, naquelas sesións en que a actividade formativa requira a presenza física das persoas alumnas participantes.

6. Para o cálculo do tempo de asistencia, número de días, na modalidade de teleformación, será de aplicación a seguinte fórmula:

$$\text{(Días de teleformación planificados na programación * N° controis realizados pola/o alumna/o) / N° total de controis a realizar}$$

En cursos modulares para os efectos de determinar o número de controis realizados polo alumnado para a liquidación de bolsas e axudas, así como o número total de controis a realizar durante a realización da acción formativa, aplicaranse como referencia de cálculo, cando o curso sexa modular, os módulos formativos e, no caso de que, por exención, se realicen unha ou varias unidades formativas sen completar o módulo, o cálculo aplicarase unicamente sobre as unidades realizadas.

7. O procedemento de concesión destas subvencións será en réxime de concesión directa, de acordo co establecido no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 6.5.d) da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o emprego no ámbito laboral.

8. A Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia resérvase o dereito a efectuar cantas comprobacións sexan oportunas coa finalidade de asegurar o cumprimento dos requisitos esixidos por parte das persoas que perciban as subvencións reguladas nesta orde e,

de ser o caso, poderá iniciar os procedementos de reintegro e sancionador que sexan oportunos, segundo o establecido pola lexislación de subvencións aplicable.

De acordo co disposto no artigo 23 desta orde e para os efectos de posteriores comprobacións, as persoas beneficiarias deberán conservar durante un prazo de 4 anos a documentación probatoria acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos para cada tipo de bolsa ou axuda. A presentación da declaración responsable incluída na solicitude da bolsa ou axuda non eximirá as persoas beneficiarias da obriga de conservar a referida documentación xustificativa.

9. Para os efectos de comprobar a asistencia e participación do alumnado nas accións formativas impartidas na modalidade presencial, utilizaranse métodos de control que permitan reflectir e ter constancia do tempo de presenza e da hora e minutos nos que tivo lugar a entrada e saída ou, no suposto do uso de aula virtual, do tempo de conexión das persoas participantes.

Neste senso, suxeito ao que dite a correspondente norma reguladora de cada procedemento, nas actividades que requiran presenza física do alumnado aplicaranse sistemas de control biométrico mediante pegada dixital compatibles co sistema establecido polo Servicio Público de Emprego de Galicia e/ou calquera outro método que para os ditos efectos se autorice.

No suposto de que a acción formativa teña lugar na modalidade de teleformación, terase en conta a realización en prazo dos controis de seguimento da aprendizaxe ou, de ser o caso, aqueles outros métodos que a normativa reguladora de cada procedemento determine.

10. Consonte o establecido no apartado 4 do artigo 23 da Orde TMS/368/2019, de 28 de marzo, e no punto 4 do artigo 25 da orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, as bolsas e axudas á conciliación previstas nesta orde, non se computarán como renda aos efectos do establecido no artigo 275.4 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, de 30 de outubro.

Artigo 5. Bolsas de asistencia para persoas con discapacidade, persoas que participan nunha acción formativa do seu itinerario persoal individualizado de emprego e membros integrantes de familias numerosas ou familias monoparentais

1. As persoas traballadoras desempregadas que pertencen a algún dos seguintes colectivos terán dereito a percibir unha bolsa de 9 euros por día de asistencia:

- a) Ter a consideración de persoas con discapacidade de acordo co disposto no artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- b) Participar nunha acción formativa que sexa asignada, e non caducada, por Itinerario Individual e Personalizado de Emprego (IPE), non a solicitude da persoa demandante, en coherencia co obxectivo profesional que nel se estableza e sempre que non se negasen a participar en actividades nel recollidas.
- c) Ser membro integrante de familia numerosa.
- d) Ser membro integrante dunha familia monoparental.

2. A contía máxima a percibir por este tipo de bolsa será de 9 euros por día de asistencia,

independentemente de que a persoa desempregada pertenza simultaneamente a máis dun dos colectivos sinalados no apartado 1 deste artigo.

3. No caso das persoas pertencentes aos colectivos aos que se refiren as letras a), c) ou d) do apartado 1 deste artigo, no suposto de que o recoñecemento da discapacidade, ou da condición de familia numerosa ou monoparental, teña lugar con posterioridade ao inicio da acción formativa, terán dereito a percibir esta bolsa a partir do primeiro día do mes seguinte ao que teña lugar este recoñecemento, tendo que realizar a solicitude da axuda no prazo dun mes dende que dito recoñecemento tivo lugar.

4. Polo que se refire ás persoas que se engloban na letra b) do apartado 1, para ter dereito a esta bolsa, a solicitude da acción formativa desde o Itinerario Individual e Personalizado de Emprego (IPE), ten que ser anterior aos cinco días previos á data de inicio da acción formativa ou, no caso de selección directa ou convocatoria pública, anterior á data na que a entidade presenta a acta de selección na oficina de emprego correspondente.

5. Caso de que dúas persoas convivintes pertencentes a unha mesma unidade familiar participen na mesma acción formativa, só se aboará a axuda por familia numerosa a unha delas.

6. Para ter dereito ás bolsas ás que se refire o apartado 1, o alumnado deberá presentar unha declaración responsable, incluída no anexo I de solicitude, e deberá carecer de rendas de calquera clase iguais ou superiores ao 75% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (no sucesivo, IPREM).

Entenderase cumprido este requisito sempre que a suma das rendas de todas as persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia, incluída a persoa solicitante, dividida polo número das persoas membros que a compoñen sexa inferior ao 75% do IPREM.

Artigo 6. *Bolsas para vítimas de violencia de xénero*

1. As persoas traballadoras desempregadas que asistan ás accións de formación ás que se refire esta Orde e que teñan a condición de vítima de violencia de xénero, terán dereito a percibir unha axuda de 10 euros por día de asistencia, acumulables, de ser o caso, ao resto de bolsas e axudas que poidan corresponderlle.

Para estes efectos entenderanse por vítimas de violencia de xénero aquelas que teñan tal consideración de acordo co disposto na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Inclúese dentro do concepto de violencia de xénero, en aplicación da Lei 14/2021, do 20 de xullo, e a Lei 15/2021, do 3 de decembro, modificadoras ambas da Lei 11/2007, a violencia vicaria e a violencia dixital.

2. Para aquelas subvencións en concepto de bolsas e axudas nas que se establezan límites de rendas da unidade familiar ou de convivencia para a súa percepción, quedarán excluídas do cómputo das rendas os ingresos da persoa agresora.

Artigo 7. *Axudas de transporte*

1. As persoas traballadoras desempregadas que asistan ás accións de formación ás que se refire esta orde terán dereito a unha axuda de transporte público, independentemente do seu carácter urbano ou interurbano:

a) Axuda de transporte público urbano: o alumnado que utilice a rede de transporte público urbano para asistir á formación terá dereito a percibir unha axuda de 1,5 € por día de asistencia.

b) Axuda de transporte público interurbano: o alumnado cuxo enderezo de intermediación laboral estea localizado nun concello distinto ao daquel no que teña lugar a acción formativa ou que, coincidindo o concello, deba empregar o transporte público interurbano para asistir á acción formativa, terá dereito a percibir unha axuda de 1,5 € por día de asistencia.

Ambas axudas, por transporte público urbano e interurbano, serán compatibles entre si.

Entenderase por transporte público, o servizo de transporte que pode ser utilizado por calquera persoa para trasladarse dun lugar a outro e que se efectúa por diversos medios, dentro de itinerarios preestablecidos e suxeito a calendarios e horarios prefixados. A estes efectos o uso do taxi terá a consideración de transporte público.

Para ter dereito á súa percepción, deberán presentar unha declaración responsable, incluída no anexo I de solicitude, na que se explicita o medio de transporte utilizado e a liña ou as liñas de transporte público, urbano e/ou interurbano, que precisen utilizar para asistir á acción formativa.

2. De non existir medio de transporte público entre o enderezo de intermediación laboral das persoas traballadoras desempregadas que asistan á acción formativa e o lugar en que esta se desenvolva ou, no caso de existir, se o horario regular do transporte público non permite compatibilizalo co horario da acción formativa, terán dereito a percibir unha axuda por transporte en vehículo propio consistente en 0,19 € por quilómetro e día de asistencia, cun máximo de 20 euros diarios.

Para ter dereito a súa percepción deberán presentar unha declaración responsable, incluída no anexo I de solicitude, de que non existe medio de transporte público entre o enderezo de intermediación laboral e o lugar en que a acción formativa se desenvolva ou, caso de existir este, que o horario regular do transporte público non permite compatibilizalo co horario de realización da acción formativa. Dita declaración deberá incluír o total diario de quilómetros que deban realizar e indicar a matrícula do vehículo que utilizarán no desprazamento.

Caso de que dúas persoas convivintes pertencentes a unha mesma unidade familiar participen na mesma acción formativa, só se aboará a axuda por transporte en vehículo propio a unha delas.

Para o cálculo da cantidade a aboar terase en conta a distancia en quilómetros existente entre o enderezo habitual da persoa solicitante desempregada e o do establecemento formativo onde teña lugar a realización da acción formativa ou o módulo de prácticas. Para estes efectos entenderase como enderezo habitual o enderezo de intermediación que figure rexistrado no Servizo Público de Emprego de Galicia no momento de inicio da actividade formativa.

A comprobación da exactitude dos quilómetros declarados como realizados diariamente poderase efectuar, sen prexuízo da posible utilización doutros medios de control, mediante o uso de sistemas informáticos que permitan determinar a distancia existente entre os puntos de orixe e destino.

Artigo 8. Axudas de manutención e de aloxamento e manutención

1. Se o horario de impartición da acción formativa é de mañá e de tarde, e a distancia entre o enderezo de intermediación laboral da persoa traballadora desempregada rexistrado no Servizo Público de Emprego de Galicia e o lugar en que se desenvolve aquela acada ou supera os 20 quilómetros, poderase ter dereito a unha axuda de manutención pola contía xustificada e por un importe máximo de 12 euros diarios.

2. No caso de que a distancia entre o enderezo de intermediación laboral da persoa traballadora desempregada e o lugar en que se imparte a acción formativa sexa igual ou superior aos 100 quilómetros, ou que, pola rede de transportes existentes, os desprazamentos non se poidan efectuar diariamente antes e despois das clases, poderase ter dereito a unha axuda de aloxamento e manutención, sempre que a asistencia á acción formativa sexa en horario de mañá e tarde e implique que, a persoa solicitante, se deba aloxar no concello en que ten lugar a súa impartición. A concorrencia desta última circunstancia será apreciada polo órgano competente.

A axuda por aloxamento e manutención será dun máximo de 50 € por día natural e o alumnado terá dereito aos billetes de transporte en clase económica dos desprazamentos inicial e final.

Para ter dereito á percepción das anteriores axudas as persoas solicitantes deberán presentar unha declaración responsable, incluída no anexo I de solicitude, indicando que se cumpren os requisitos establecidos no parágrafo anterior e achegar mensualmente a documentación recollida no artigo 25.3 desta orde.

Artigo 9. Axudas á conciliación

1. As persoas traballadoras desempregadas que asistan ás accións de formación de referencia e que teñan que conciliar a súa participación co coidado de fillas/os menores e/ou persoas acollidas menores de doce anos ou de familiares dependentes até o segundo grao, terán dereito a unha contía igual ao 75% do IPREM diario por día de asistencia, acumulable, de ser o caso, ao resto de bolsas e axudas que poidan corresponderlle.

2. As persoas que queiran acollerse a esta axuda deberán presentar unha declaración responsable, incluída no anexo I de solicitude, e cumprir as seguintes condicións ao inicio da acción formativa ou no momento en que teña lugar o feito causante:

- Carecer de rendas de calquera clase iguais ou superiores ao 75% do IPREM, nos termos de cálculos de renda referidos nesta orde.
- Ter fillo/a/s e/ou persoa/s acollida/s menor/es de doce anos ou, no seu caso, familiares dependentes até o segundo grao.

3. Se a filla ou fillo nace ou se acredita a dependencia con posterioridade ao inicio da acción formativa, terase dereito a percibir a axuda a partir do primeiro día do mes seguinte ao que teña lugar o feito causante, tendo que realizar a solicitude da axuda no prazo dun mes dende que o feito tivo lugar.

4. No suposto de desaparición do feito causante, perderán o dereito á percepción da axuda a partir do primeiro día do mes seguinte ao que teña lugar a desaparición, estando obrigadas a comunicalo por escrito ao órgano competente para resolver, no prazo de cinco días hábiles dende que se produza tal circunstancia.

5. Caso de que dúas persoas convivintes pertencentes a unha mesma unidade familiar participen na mesma acción formativa só se aboará a axuda por conciliación a unha delas.

Artigo 10. *Cálculo das rendas*

1. Para os efectos destas bases, as rendas calcularanse do seguinte xeito:

a) Para as persoas traballadoras por conta allea:

- Tomaranse os ingresos brutos do mes anterior ao inicio do curso ou do mes anterior a que se produza o feito causante que dea dereito á axuda, segundo o caso, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias.
- Teranse en conta as axudas de custo que superen o 10% do IPREM.

b) Para as persoas autónomas:

- Tomaranse os ingresos netos do trimestre anterior ao inicio do curso ou do trimestre anterior a que se produza o feito causante que dea dereito á axuda, segundo o caso.
- Ratearase o importe mensualmente, para obter as rendas mensuais.

2. Computarase como renda o importe dos salarios sociais, as rendas mínimas de inserción ou as axudas análogas de asistencia social concedidas pola Comunidade Autónoma, así como o importe das prestacións do Servizo Público de Emprego Estatal.

Tamén terán a consideración de renda os ingresos correspondentes a rendementos patrimoniais, pensións e calquera outro tipo de ingresos percibidos.

A variación de rendas non se considerará circunstancia sobrevida para os efectos de xerar dereito á percepción das axudas.

3. Os datos dos apartados anteriores referiranse á suma de ingresos de todas as persoas que integran a unidade familiar ou de convivencia, incluída a persoa solicitante, dividida polo número de membros que a compoñen.

Artigo 11. *Definición de unidade familiar ou de convivencia*

1. Para os efectos desta orde, consideraranse como persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia, con referencia ao momento de presentar a solicitude e sempre que se produza a convivencia no mesmo enderezo que a persoa solicitante, ademais de a esta:

- a) Ás persoas familiares por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao de parentesco en liña ascendente, descendente ou colateral da persoa solicitante.
- b) Ao cónxuxe ou á persoa coa que conviva en situación de unión de feito ou análoga, sempre que se trate de parella de feito acreditada.
- c) Ás persoas acollidas menores de vinte e seis anos, ou de máis idade cando se trate de persoas con discapacidade.

2. A acreditación da convivencia non deberá efectuarse no momento da presentación da solicitude, senón que terá lugar, de ser o caso, no momento posterior que proceda e nos termos establecidos nesta orde, se ben si deberán cumprirse os requisitos coas oportunas consecuencias ás que se refire o artigo 16.3 desta orde para o caso de incumprimento ou

falsidade do declarado responsablemente.

Artigo 12. Procedemento de concesión

O procedemento de concesión das subvencións en concepto de bolsas e axudas ás que se refire esta orde tramitarase en réxime de concesión directa, de acordo co previsto na Orde TMS/368/2019, de 28 de marzo e na Orde EFP/942/2022, do 23 de setembro, segundo o caso.

Artigo 13. Información sobre o procedemento administrativo

Poderase obter información relativa ao procedemento administrativo de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego a través dos seguintes medios:

- a. Na sede electrónica da Xunta de Galicia (procedemento TR301V): <http://sede.xunta.gal>
- b. Na páxina web da consellería de Promoción do Emprego e Igualdade:

<https://empregoeigualdade.xunta.gal/formacion/formacion-emprego/bolsas>

- c. Para as subvencións en concepto de bolsas e axudas que instrúa e tramite a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación nos teléfonos 881 999 124 e 981 999 602.

Para o caso concreto de accións formativas impartidas no Centro de Novas Tecnoloxías, no teléfono 881 997 803 e no enderezo web <https://cntg.xunta.gal/web/cntg/bolsas-e-axudas>

- d. Para as subvencións en concepto de bolsas e axudas que instrúan e tramiten as xefaturas territoriais, segundo corresponda, ademais de presencialmente na sede do correspondente servizo periférico, na rede de oficinas de emprego e na rede pública de centros de formación profesional para o emprego, nos seguintes teléfonos:

- A Coruña: 881 881 566 e 881 881 578
- Lugo: 982 294 275 e 982 294 241
- Ourense: 988 386 837, 988 386 105 e 988 386 824
- Vigo: 886 218 165 e 986 817 765

- e. Nas entidades, centros e empresas que perciban fondos públicos para o desenvolvemento de accións de formación para o emprego, nos termos do sinalado nesta orde e no correspondente instrumento xurídico que as regule.

- f. Para cuestións de carácter xeral relacionadas coa Orde, a través do teléfono 012 do servizo de información e atención á cidadanía da Xunta de Galicia (981 900 643 dende o resto do territorio español), e nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Artigo 14. Obriga de colaboración

1. As entidades, centros e empresas que perciban fondos públicos para a impartición de especialidades ou módulos formativos do Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade en centros do Sistema de Formación Profesional non incorporados ao sistema

educativo, ou especialidades formativas do Catálogo de Especialidades Formativas do Servicio Público de Emprego Estatal, e que desenvolvan as accións formativas ás que se refire o artigo 1 desta orde, colaborarán, en cumprimento dos compromisos e obrigas asumidas, na xestión das subvencións en concepto de bolsas e axudas do alumnado que participe nas accións formativas desenvolvidas por cada un deles.

Esta obriga de colaboración abrangue tamén a aqueles centros da rede pública da Xunta de Galicia que impartan formación profesional para o emprego, con independencia da consellería de adscrición, sen prexuízo doutras obrigas que poidan determinarse no instrumento xurídico correspondente.

2. A obriga de colaboración concretarase en todos aqueles aspectos que se establecen nesta orde e na correspondente norma reguladora de cada procedemento, e incluírá:

a) Informar axeitadamente, en tempo e forma, dos dereitos que ostentan as persoas alumnas, dos prazos para presentar a solicitude e da documentación necesaria.

b) Auxiliar ao alumnado no trámite de solicitude se así son requiridas e autorizadas pola persoa participante. Neste senso, facilitarán ás persoas solicitantes das subvencións os oportunos documentos que acrediten a documentación achegada e a data de entrega.

3. Cando a Administración pública autonómica constate que se produciu a perda do dereito ao recoñecemento ou pagamento dunha subvención por bolsa ou axuda a unha persoa traballadora desempregada que tivese dereito a ela, e a dita perda fose motivada polo incumprimento das obrigas por parte das entidades ás que se refire este artigo estas poderán, salvo acreditación achegada pola entidade de ter abonado ela a subvención á que tiña dereito a persoa ou persoas afectadas, ser obxecto dun procedemento de revogación e reintegro do financiamento público que obtiveran para o desenvolvemento da acción formativa na contía equivalente ao importe que deixara de percibir a persoa afectada.

Artigo 15. *Forma e lugar de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado do anexo I, procedemento TR301V, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. A persoa interesada deberá presentar debidamente cuberto e asinado o formulario de solicitude do anexo I, con indicación expresa das bolsas e axudas que vaia solicitar.

3. No suposto de que a persoa solicitante non teña capacidade técnica ou económica, ou que, por outros motivos, non teña garantido o acceso e dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos, a presentación electrónica da solicitude e da documentación complementaria poderá ser validamente realizada por unha persoa representante que si cumpra cos anteditos requisitos.

Neste senso, as correspondentes entidades e centros beneficiarios colaborarán coas persoas solicitantes, a través dos seus recursos e medios humanos e técnicos, sempre que aquelas lles outorguen a súa autorización para presentar no seu nome a solicitude e a documentación complementaria.

Ademais, a persoa peticionaria poderá dirixirse á oficina de emprego que lle corresponda do Servizo Público de Emprego de Galicia, para que unha persoa empregada pública presente no seu nome a solicitude e a documentación complementaria, se é autorizada expresamente pola peticionaria.

No caso de vítimas de violencia de xénero que teñan solicitado a confidencialidade dos seus datos, a solicitude de subvención deberá tramitarse a través da persoa titora.

4. A solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación ou ás xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, segundo o tipo de acción formativa na que se participa, de conformidade co seguinte criterio:

- a) As solicitudes das persoas traballadoras desempregadas que participen nas accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas, procedemento TR302A, ou nas accións formativas impartidas polo Centro de Novas Tecnoloxías, dirixiranse á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.
- b) As solicitudes das persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas distintas ás citadas no apartado 4.a) deste artigo, dirixiranse ás correspondentes xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, segundo a provincia ou ámbito territorial ao que corresponda a competencia.

Inclúense neste apartado b) as derivadas da participación nas seguintes accións formativas:

- As dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas e as dirixidas ás persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas con compromiso de contratación, procedementos TR301K e TR301P respectivamente.
- As propias da oferta formativa executada nos centros de formación para o emprego da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- As solicitudes das persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas impartidas nos centros da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, respecto das accións formativas incluídas nos acordos de colaboración entre a consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, para a impartición de formación profesional para o emprego nos centros educativos.

No suposto de que no acordo de colaboración entre ambas consellerías se estableza outro procedemento para a presentación e tramitación das solicitudes de bolsas e axudas, será de aplicación o disposto no dito acordo.

- c) Caso de que durante o período de vixencia desta orde se habiliten novas liñas de formación para o emprego non citadas nos anteriores apartados a) e b), atenderase, aos efectos de determinar o órgano ao que debe dirixirse á solicitude, ao que nelas se

estableza.

Para estes efectos deberán sinalar no apartado correspondente do modelo de solicitude, anexo I, a opción que corresponda.

5. A solicitude deberá presentarse acompañada da documentación complementaria relacionada no artigo 17 desta orde, de ser o caso.

Artigo 16. Declaración responsable que forma parte da solicitude

1. Forma parte da solicitude a declaración responsable que se contén nela e na cal se farán constar os aspectos seguintes:

a) Que cumpre cos requisitos necesarios para o recoñecemento do dereito á bolsa e/ou axuda que solicita, que dispón da documentación que acredita tal cumprimento e que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, ademais de que se compromete a manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito de tal maneira que, se deixase de cumprilos, estaría obrigado a comunicalo por escrito ao órgano competente para resolver, no prazo de cinco días hábiles dende que se produza tal circunstancia.

b) Que, en relación con outras bolsas e axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra bolsa e/ou axuda para este mesmo concepto para o que solicita esta subvención.
- De se solicitar e/ou conceder outras axudas para este mesmo concepto para o que se solicita esta bolsa e/ou axuda, deberán relacionarse estas no documento de solicitude, anexo I.

c) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que, de ser o caso, se xuntan son certos.

d) Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especificamente que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, aos efectos do previsto no artigo 11.g do Regulamento da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

f) Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2º.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

g) Que coñece as estipulacións desta orde así como as que regulan a acción formativa na que participa, que cumpre cos requisitos exixidos para ser beneficiaria/o daquelas bolsas e/ou axudas que solicita, e que se compromete a destinar o importe da subvención ao obxecto indicado.

h) Que, para o suposto de solicitar unha bolsa de asistencia por discapacidade, por IPE, por ser membro de familia numerosa ou monoparental, ou unha axuda por conciliación, a suma das rendas de todas as persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia, incluída a persoa solicitante, dividida polo número das persoas membros que a compoñen é inferior ao 75% do IPREM.

i) Que, para o suposto de solicitar axuda por transporte público, urbano e/ou interurbano, o medio e a/as liñas de transporte utilizadas son as que se relacionan no anexo I.

j) Que, para o suposto de solicitar axuda por transporte en vehículo propio, non existe medio de transporte público entre o enderezo de intermediación laboral e o lugar onde se desenvolve a acción formativa ou que, no caso de existir, o horario regular do transporte público non permite compatibilizalo co horario da acción formativa, e que o total diario de quilómetros a realizar e a matrícula do vehículo a utilizar son os que se relacionan no anexo I.

k) Que, para o suposto de solicitar axuda por manutención, o horario de impartición da acción formativa é de mañá e tarde e a distancia entre o enderezo de intermediación laboral rexistrado no Servizo Público de Emprego de Galicia e o lugar en que se desenvolve a actividade acada ou supera os 20 quilómetros.

l) Que, para o suposto de solicitar axuda por aloxamento e manutención, a distancia entre o enderezo de intermediación laboral da persoa traballadora desempregada e o lugar en que se imparte a acción formativa é igual ou superior aos 100 quilómetros, ou que, pola rede de transportes existentes, os desprazamentos non se poidan efectuar diariamente antes e despois das clases e ademais de que a asistencia á acción formativa implica o aloxamento no concello en que ten lugar a súa impartición, en horario de mañá e tarde.

m) Que, para o suposto de solicitar a axuda por conciliación, esta é consecuencia do coidado de fillos/as menores e/ou persoas acollidas menores de doce anos ou de familiares dependentes ata o segundo grao.

2. A concesión das subvencións vencelladas coas bolsas e axudas recollidas nesta orde realizarase sobre a base da declaración responsable contemplada neste artigo, sen prexuízo das comprobacións que poidan ser realizadas con posterioridade pola unidade administrativa correspondente.

Aos efectos das posteriores comprobacións, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos exixidos para cada bolsa ou axuda será a que se recolle no artigo 23 desta orde.

3. A presentación dunha declaración responsable falseando as condicións requiridas para a concesión da subvención ou ocultando as circunstancias que a impedisen ou limitasen, poderá ter a consideración dunha infracción nos termos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Considerarase como falseamento ou ocultación das circunstancias, o incumprimento do compromiso de manter os requisitos necesarios para ter dereito á subvención, a falta de documentación que o acredite e/ou o incumprimento da obriga de comunicar que se deixou de cumprir os requisitos esixibles, no prazo sinalado nesta orde.

Artigo 17. Documentación complementaria

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) As persoas peticionarias das bolsas de asistencia reguladas no artigo 5 da presente Orde, relativas a persoas con discapacidade, persoas que participan nunha acción formativa incluída no seu itinerario persoal individualizado de emprego, e membros integrantes de familias numerosas ou monoparentais, así como as peticionarias das axudas por conciliación reguladas no artigo 9, deberán achegar xunto coa solicitude o anexo II, de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas.

b) No suposto de solicitar a bolsa de asistencia para membros integrantes de familias monoparentais, certificado emitido pola Consellería de Política Social e Xuventude acreditativo de que reúnen os requisitos para ser persoa beneficiaria da bolsa.

2. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 18. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente, os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

I) DNI/NIE da persoa solicitante.

II) DNI/NIE da persoa representante.

III) A inscrición como persoa traballadora desempregada no Servizo Público de Emprego de Galicia, a data actual ou a data concreta, nos termos desta orde.

IV) Para o caso concreto das bolsas de asistencia para persoas con discapacidade, certificado da discapacidade da persoa solicitante recoñecida pola Xunta de Galicia, de ser o caso.

V) Para os casos concretos de solicitudes de bolsas de asistencia ou axudas por conciliación, consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidade Temporal e Maternidade.

VI) Nos casos que proceda, a inclusión da acción formativa solicitada e non caducada no que a persoa solicitante participa dende Itinerario Individual e Personalizado de Emprego (IPE), en coherencia co obxectivo profesional que nel se estableza, nos termos desta orde.

VII) Para o caso concreto das bolsas de asistencia para persoas membros de familias numerosas, título de familia numerosa.

VIII) Para os casos concretos de solicitudes de bolsas de asistencia ou axudas por conciliación, consulta de datos de residencia con data da última variación padroal da persoa solicitante e dos terceiros conviventes.

IX) Para o caso de solicitar a axuda por transporte público urbano ou interurbano, ou por transporte en vehículo propio, ou a axuda por manutención, o enderezo de intermediación laboral da persoa solicitante.

X) Para o caso específico de axudas á conciliación, de ser o caso, certificado do grao e nivel de dependencia da persoa que motiva a conciliación emitido pola Administración pública competente.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro pertinente habilitado no formulario correspondente, anexos I e/ou II, e achegar os documentos acreditativos.

Cando así o esixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dalgún dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 19. *Prazo de presentación das solicitudes*

1. A persoa traballadora desempregada deberá presentar a súa solicitude no prazo dun mes dende a súa incorporación á acción formativa, ou dende que teña lugar o feito causante que determina o dereito.

2. A presentación da solicitude fóra de prazo dará lugar á súa inadmisión sen máis trámites, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. No suposto de que a solicitude non cumpra os requisitos sinalados na convocatoria ou a documentación presentada conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á persoa solicitante para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se considerará desistida da súa solicitude, logo de resolución que así o declare.

Artigo 20. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes.*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites

electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Opcionalmente, as persoas interesadas tamén poderán realizar os ditos trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 21. Réxime das notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos mediante os modelos normalizados dispoñibles.
2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou postal) no formulario de solicitude.
3. No caso de optar pola notificación postal practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
4. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.
5. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
6. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 22. Órganos competentes para a ordenación e instrución do procedemento de concesión. Prazo de resolución e de notificación

1. Os órganos competentes para as distintas fases do procedemento serán:
 - a) O servizo de Xestión Administrativa da Formación para o Emprego será competente para instruír, tramitar e emitir as propostas de resolución correspondentes ás bolsas e axudas das persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras ocupadas, no marco do procedemento TR302A.

O órgano competente para ditar as correspondentes resolucións será a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.
 - b) O Centro de Novas Tecnoloxías será competente para instruír, tramitar e emitir as propostas de resolución correspondentes ás bolsas e axudas das persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas impartidas no dito centro.

O órgano competente para ditar as correspondentes resolucións será a Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

- c) Corresponderá aos servizos de Formación para o Emprego e Orientación das xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a instrución e tramitación das solicitudes que a seguir se relacionan que teñan a súa orixe en accións formativas impartidas en centros localizados no ámbito territorial sobre o que exercen as súas funcións:

- As correspondentes a accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas ou a persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas con compromiso de contratación, procedementos TR301K e TR301P respectivamente.
- As correspondentes a accións formativas da oferta de formación para o emprego executada nos centros da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
- As correspondentes a accións formativas da oferta de formación para o emprego executada nos centros da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, respecto das accións formativas incluídas nos acordos de colaboración para a impartición de formación profesional para o emprego nos centros educativos, sen prexuízo das obrigas que se contemplan para estes centros nos correspondentes instrumentos xurídicos.

Caso de que, tal como se establece no artigo 16.4.c) desta orde, no acordo de colaboración entre as consellerías de Promoción do Emprego e Igualdade e de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, se estableza un procedemento específico para a instrución e tramitación das solicitudes de bolsas e axudas, será de aplicación o disposto no dito acordo.

A resolución de concesión corresponderá, para todos os supostos citados no apartado 1.c) deste artigo e sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo da disposición adicional primeira, á xefatura territorial correspondente.

- d) Caso de que durante o período de vixencia desta orde se habiliten novas liñas de formación para o emprego diferentes ás relacionadas, será de aplicación para a súa tramitación, instrución e resolución, o disposto nos apartados a) e c) deste artigo, en función de se a solicitude de bolsa ou axuda deba dirixirse, respectivamente, á Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación ou as xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

2. As xefaturas territoriais poderán determinar que as oficinas de emprego e os centros de formación da rede pública delas dependentes poidan participar na instrución e tramitación das solicitudes ás que se refire o apartado 1 deste artigo.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses e computarase a partir da data da presentación das solicitudes.

Logo de transcorrer o dito prazo sen terse notificado resolución expresa, a solicitude entenderase desestimada por silencio administrativo.

4. As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas de

desestimación.

5. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as persoas interesadas propostas como beneficiarias disporán dun prazo de 10 días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.

6. As persoas beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Artigo 23. Documentación probatoria

1. Aos efectos das posteriores comprobacións, a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos por parte das persoas beneficiarias, que estas conservarán durante un prazo mínimo de 4 anos, e que porán a disposición da Administración cando esta llelo requira, é a seguinte:

a) Bolsas de asistencia dirixidas a persoas con discapacidade:

- Certificado de empadramento conxunto de todas aquelas persoas que para os efectos desta orde compoñen a unidade familiar ou de convivencia.
- Certificado acreditativo do grao de discapacidade emitido polo IMSERSO ou polo servizo autonómico correspondente. No suposto de que o recoñecemento da discapacidade estea acreditado pola Xunta de Galicia, dito certificado só deberá presentarse no caso de que a persoa interesada, conforme ao disposto no artigo 18 da presente orde, se opoña a súa consulta.
- Resolución ou certificación da Seguridade Social de ter recoñecida unha pensión por incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, ou unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
- Documentación acreditativa de que a suma das rendas das persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia sexa inferior ao 75% do IPREM.

b) Bolsas de asistencia dirixidas a persoas que participan nunha acción formativa incluída no seu itinerario persoal individualizado de emprego:

- Certificado de empadramento conxunto de todas aquelas persoas que para os efectos desta orde compoñen a unidade familiar ou de convivencia.
- Documentación acreditativa de que a suma das rendas das persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia sexa inferior ao 75% do IPREM.

c) Bolsas de asistencia dirixidas a membros dunha familia monoparental:

- Certificado, emitido polo órgano competente da Consellería de Política Social e Xuventude, que acredite a condición de familia monoparental. O certificado terá efectos dende a data e polo período que nel se determine, ou, caso de non figurar expresamente indicada unha data de efectos, dende a data de emisión do certificado.
- Documentación acreditativa de que a suma das rendas das persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia sexa inferior ao 75% do IPREM.

d) Bolsas de asistencia dirixidas a membros de familias numerosas:

- Título de familia numerosa. Dito título só deberá presentarse no caso de que a persoa interesada, conforme ao disposto no artigo 18 da presente orde, se opoña á súa consulta.
- Documentación acreditativa de que a suma das rendas das persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia sexa inferior ao 75% do IPREM.

e) Axuda por transporte en vehículo propio: documentación xustificativa de que non existe medio de transporte público entre o enderezo de intermediación laboral e o lugar en que a acción formativa se desenvolva ou, caso de existir este, que o horario regular do transporte público non permite compatibilizalo co horario de realización da acción formativa.

f) Axuda á conciliación:

- Libro de familia ou calquera documentación oficial que acredite de forma suficiente o grao de parentesco.
- Documentación acreditativa do grao e nivel de dependencia do familiar ata o segundo grao, de ser o caso.
- Documentación acreditativa de que a suma das rendas das persoas integrantes da devandita unidade familiar ou de convivencia sexa inferior ao 75% do IPREM.

g) Axuda para vítimas de violencia de xénero: calquera dos seguintes documentos, con vixencia no momento de participación na acción formativa:

- A situación de vítima de violencia de xénero acreditarase nas formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Inclúese dentro do concepto de violencia de xénero, en aplicación da Lei 14/2021, do 20 de xullo, e a Lei 15/2021, do 3 de decembro, modificadoras ambas da Lei 11/2007, a violencia vicaria e a violencia dixital.

Para estes efectos, a Resolución do 2 de decembro de 2021, da *Secretaría de Estado de Igualdad e contra a Violencia de Género*, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 11 de novembro de 2021, relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero, inclúe un modelo común para a acreditación administrativa da violencia de xénero e unha relación de organismos, recursos e servizos que acreditan as situacións de violencia de xénero (anexos 1 e 2 respectivamente da Resolución).

<http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/boe-a-2021-20570.pdf>

2. As unidades administrativas competentes efectuarán labores de control e verificación do cumprimento dos requisitos necesarios para ser beneficiarios das referidas bolsas e axudas, nos termos que ao respecto establezan as instrucións ditadas pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación.

Se durante as referidas actividades de control e verificación se conclúe que unha persoa beneficiaria presentou unha declaración responsable falseando as condicións requiridas para a concesión da subvención ou ocultando as circunstancias que a impedisen ou limitasen, ademais da consecuente perda do dereito á percepción da subvención, poderá ter a consideración dunha infracción nos termos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre

infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 24. *Réxime de recursos*

As resolucións ditadas ao abeiro desta Orde poñen fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, de conformidade co que preceptúan os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 25. *Pagamento das bolsas e axudas*

1. O pagamento das subvencións por concepto de bolsas e axudas establecidas na presente orde realizarase logo da comunicación da resolución de concesión á persoa beneficiaria e terá carácter mensual cando a acción formativa se desenvolva na modalidade presencial, sempre que sexa compatible coa esixencia da contía mínima acumulada por persoa desempregada á que se refire esta orde. No primeiro pagamento incluírase o importe total das axudas devengadas para o período correspondente até a comunicación da resolución de concesión.

Cando a acción formativa se imparta na modalidade de teleformación e se corresponda con especialidades formativas de carácter modular, o pago terá lugar á finalización de cada módulo formativo. No suposto de especialidades formativas que non teñan carácter modular, o pagamento efectuarase unha vez rematada a acción formativa.

2. Todas as subvencións previstas nesta orde están supeditadas, ademais de ao cumprimento dos requisitos exixidos para cada tipo de bolsa e axuda, á asistencia á acción formativa ou á realización dos controis periódicos de seguimento, de maneira que todos os pagamentos terán lugar logo da comprobación das asistencias mensuais de cada unha das persoas beneficiarias, caso de que a modalidade de impartición sexa presencial, ou, no suposto de que a acción formativa se imparta na modalidade de teleformación, da realización en prazo dos controis de seguimento da aprendizaxe programados.

Para o caso específico da axuda por manutención esta asistencia deberá ser de mañá e tarde.

3. No suposto das axudas por manutención as persoas beneficiarias deberán achegar mensualmente as correspondentes facturas ou os xustificantes de pagamento.

No caso da axuda de manutención e aloxamento xustificarse por medio do contrato de arrendamento, factura de hospedaxe ou calquera outro medio documental acreditativo válido en dereito, ademais das facturas e xustificantes de pagamento da manutención.

4. A autorización de vacacións polo órgano competente implica que, durante ese período, queda en suspenso o pagamento das subvencións en concepto de bolsas e axudas ás que teña dereito o alumnado.

Artigo 26. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Disposición adicional primeira. *Delegación de atribucións*

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade na persoa titular da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, así como nas persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no ámbito das súas respectivas competencias, para a autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento das subvencións reguladas nesta Orde, así como para resolver a súa concesión, denegación, modificación, reintegro ou outras incidencias das citadas subvencións.

A través do oportuno instrumento xurídico poderá aprobarse a delegación das atribucións e competencias citadas no parágrafo anterior a outros órganos administrativos.

De igual xeito, apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade na persoa titular da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación para tramitar e resolver os expedientes de redistribución dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.

Disposición adicional segunda. *Información sobre a xestión de subvencións*

1. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto de cada convocatoria pública efectuada no marco destas bases e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), nos termos do Real decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
2. De acordo co establecido no artigo 14 letra ñ) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos aspectos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición transitoria primeira. *Accións formativas iniciadas con anterioridade á entrada en vigor desta orde e que rematen no ano 2024*

1. Nos casos de accións formativas iniciadas antes da entrada en vigor desta orde e que rematen no ano 2024 actuarase do seguinte xeito:
 - Tramitarase con cargo aos créditos da Orde do 24 de outubro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a

concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego correspondentes aos exercicios 2022 e 2023, a parte das bolsas e axudas correspondente ao período do curso impartido durante o ano 2023.

- Tramitarase con cargo aos créditos da presente orde a parte das bolsas correspondente ao período do curso impartido durante o ano 2024, pero aplicando os criterios da Orde do 24 de outubro de 2022.

Así mesmo, se o feito causante se producise con posterioridade á entrada en vigor desta orde, tramitarase a bolsa con cargo aos créditos da presente orde, pero aplicando os criterios da Orde do 24 de outubro de 2022.

2. Na aplicación dos criterios recollidos nesta disposición transitoria, en ningún caso se requirirá á persoa interesada a presentación dunha nova solicitude, unha vez presentada a solicitude inicial.

Disposición final primeira. *Habilitación para ditar resolucións e instrucións de desenvolvemento e execución*

Facúltase á persoa titular da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación para que dite, no ámbito das súas funcións, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día 1 de novembro de 2023.

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2023

A conselleira de Promoción do Emprego e
Igualdade

O secretario xeral técnico

Elena Rivo López

Alberto Fuentes Losada



PROCEDEMENTO

BOLSAS E AXUDAS PARA PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS QUE PARTICIPEN EN ACCIÓNS FORMATIVAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

CÓDIGO DE
PROCEDEMENTO

TR301V

DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

PARROQUIA

LUGAR

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

TELÉFONO 1

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

SEXO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.



Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.gal) (<https://notifica.gal> (<https://notifica.gal>)).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.



Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

PARROQUIA

LUGAR

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN



DATOS DA ACCIÓN FORMATIVA

CÓDIGO DA ACCIÓN
FORMATIVA

ESPECIALIDADE

CENTRO DE FORMACIÓN

MODALIDADE DE IMPARTICIÓ

PROVINCIA

CONCELLO

HORARIO (de ser o caso)

BOLSAS E AXUDAS QUE SOLICITA (marque toda as que correspondan)

- ☐ Bolsa de asistencia para persoas con discapacidade recoñecida en grao igual ou superior ao 33 %⁽¹⁾
- ☐ Bolsa de asistencia para persoas que participan nunha acción formativa incluída no seu itinerario persoal e individualizado de emprego (IPE)⁽¹⁾
- ☐ Bolsa de asistencia por ser membro integrante dunha familia numerosa⁽¹⁾⁽³⁾
- ☐ Bolsa de asistencia por ser membro integrante dunha familia monoparental⁽¹⁾
- ☐ Bolsa para vítimas de violencia de xénero
- ☐ Axuda para transporte público urbano⁽²⁾
- ☐ Axuda para transporte público interurbano⁽²⁾
- ☐ Axuda para transporte en vehículo propio⁽²⁾⁽³⁾
- ☐ Axuda para manutención
- ☐ Axuda por aloxamento e manutención
- ☐ Axuda á conciliación⁽³⁾

(1) As bolsas por asistencia non se poderán percibir simultánea e acumulativamente.

(2) As axudas para transporte público son incompatibles coas de transporte en vehículo propio.

(3) No caso de que dúas persoas conviventes pertencentes a unha mesma unidade familiar participen na mesma acción formativa, só se lle aboará a axuda por familia numerosa, transporte por vehículo propio ou por conciliación a unha delas.

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que cumpre cos requisitos necesarios para o recoñecemento do dereito á bolsa e/ou axuda, que dispón da documentación que acredita tal cumprimento e que a porá á disposición da Administración cando lle sexa requirida, ademais de que se compromete a manter os ditos requisitos durante todo o período de tempo inherente ao recoñecemento de tal dereito de tal maneira que, se deixa de cumprilos, estaría obrigada a comunicalo por escrito ao órgano competente para resolver, no prazo de cinco días hábiles desde que se produza tal circunstancia.
2. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra bolsa e/ou axuda para este mesmo concepto para o cal solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concedeu/concederon outra/s axuda/s para este mesmo concepto para o cal solicita esta subvención, que se relacionan a continuación:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

3. Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que, de ser o caso, se xuntan son certos.
4. Que non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, especificamente, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, para os efectos do previsto no artigo 11.g do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
6. Que está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
7. Que coñece as estipulacións desta orde e das bases da convocatoria, que cumpre cos requisitos sinalados nelas e que se compromete a destinar o importe da subvención ao obxecto indicado.



A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)

8. Que, para o suposto de solicitar unha bolsa de asistencia por discapacidade, por IPE, por ser membro de familia numerosa ou monoparental, ou unha axuda por conciliación, a suma das rendas de todas as persoas integrantes da unidade familiar ou de convivencia, incluída a persoa solicitante, dividida polo número das persoas membros que a compoñen é inferior ao 75% do IPREM. Para estes efectos:

NOME E APELIDOS DA PERSOA SOLICITANTE E DOS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR OU DE CONVIVENCIA	PERCIBE RENDAS	RENDAS PERCIBIDAS INFERIORES AO 75 % DO IPREM
	☐ SI ☐ NON	☐ SI ☐ NON

9. Que, para o suposto de solicitar axuda por transporte público, urbano e/ou interurbano, o medio de transporte utilizado será (indíquese, segundo o caso, autobús, tren, etc.) , e que para tales efectos debe utilizar a/as seguinte/s liña de transporte:

10. Que, para o suposto de solicitar axuda por transporte en vehículo propio, non existe medio de transporte público entre o enderezo de intermediación laboral e o lugar onde se desenvolve a acción formativa ou que, no caso de existir, o horario regular do transporte público non permite compatibilizalo co horario da acción formativa.

Para este efectos o total diario de quilómetros a realizar é de , e a matrícula do vehículo que utilizará:

11. Que, para o suposto de solicitar axuda por manutención, o horario de impartición da acción formativa é de mañá e tarde e a distancia entre o enderezo de intermediación laboral rexistrado no Servizo Público de Emprego de Galicia e o lugar en que se desenvolve a actividade acadada ou supera os 20 quilómetros.

12. Que, para o suposto de solicitar axuda por aloxamento e manutención, a distancia entre o enderezo de intermediación laboral da persoa traballadora desempregada e o lugar en que se imparte a acción formativa é igual ou superior aos 100 quilómetros, ou que, pola rede de transportes existentes, os desprazamentos non se poden efectuar diariamente antes e despois das clases e, ademais, que a asistencia á acción formativa implica o aloxamento no concello en que ten lugar a súa impartición, en horario de mañá e tarde.

13. Que, para o suposto de solicitar a axuda por conciliación, esta é consecuencia do:

- ☐ Coidado de fillos/as menores e/ou persoas acollidas menores de doce anos
☐ Familiares dependentes ata o segundo grao

Apresentación dunha declaración responsable falseando as condicións requiridas para a concesión da subvención ou ocultando as circunstancias que a impedan ou limiten poderá ter a consideración dunha infracción nos termos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coas posibles consecuencias sancionadoras que se recollen na dita norma e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto

En calquera caso, considerarase como falseamento ou ocultación das circunstancias o incumprimento do compromiso de manter os requisitos necesarios para ter dereito á subvención, a falta de documentación que o acredite e o incumprimento da obriga de comunicar que se deixaron de cumprir os requisitos exixibles, no prazo sinalado nesta orde



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Anexo II, de comprobación de datos de terceiras persoas interesadas, para as bolsas de asistencia reguladas no artigo 5 da presente Orde, relativas a persoas con discapacidade, persoas que participan nunha acción formativa incluída no seu itinerario persoal individualizado de emprego, e membros integrantes de familias numerosas ou monoparentais, así como as peticionarias das axudas por conciliación reguladas no artigo 9.
- ☐ No suposto de solicitar a bolsa de asistencia para membros integrantes de familias monoparentais, certificado emitido pola Consellería de Política Social e Xuventude acreditativo de que se reúnen os requisitos para ser persoa beneficiaria da bolsa de asistencia para membros integrantes de familias monoparentais.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Estar inscrito como demandante de emprego a data actual	☐
Estar inscrito como demandante de emprego a data concreta	☐
MARQUE O RECADRO CORRESPONDENTE PARA SINALAR AS CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN	
☐ Para o caso concreto das bolsas de asistencia para persoas con discapacidade, certificado da discapacidade da persoa solicitante recoñecida pola Xunta de Galicia, de ser o caso	☐
☐ Para os casos concretos de solicitudes de bolsas de asistencia ou axudas por conciliación, consulta das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas, Incapacidades Temporal e Maternidade	☐
☐ Nos casos que proceda, a inclusión da acción formativa, solicitada e non caducada, na que a persoa traballadora participa, dende o itinerario individual e personalizado de emprego (IPE), en coherencia co obxectivo profesional que nel se establece	☐
☐ Para o caso concreto das bolsas de asistencia para persoas membros de familias numerosas, título de familia numerosa	☐
☐ Para os casos concretos de solicitudes de bolsas de asistencia ou axudas por conciliación, consulta de datos de residencia con data da última variación padroal	☐
☐ Para o caso de solicitar a axuda por transporte público urbano ou interurbano, ou por transporte en vehículo propio, ou a axuda por manutención, o enderezo de intermediación laboral da persoa solicitante	☐

AUTORIZO as persoas empregadas públicas das oficinas de emprego de do Servizo Público de Emprego de Galicia ou o persoal das entidades, centros e empresas a que se refire o artigo 15 desta orde, para a presentación, no nome da persoa solicitante, do formulario da solicitude e, de ser o caso, da documentación complementaria.

Esta autorización circunscribese á mencionada presentación por vía electrónica, sen que se lle outorgue ao presentador a condición de representante para intervir noutros actos ou para recibir todo tipo de comunicacións da Administración en nome do interesado, mesmo cando estas sexan consecuencia do documento presentado.

☐ SI ☐ NON (no suposto de non autorizar achegarse a documentación correspondente)

AUTORIZO a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a publicación dos datos relativos ao obxecto da/das subvención/s, nos termos do artigo 26 desta orde:

- ☐ SI, por considerar que non son contrarios ao respecto e salvagarda da miña honra, intimidade persoal e familiar, en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, así como de conformidade coas alíneas c) e d) do artigo 15.2 da Lei de subvencións de Galicia.
- ☐ NON, por considerar que son contrarios ao respecto e salvagarda da miña honra, intimidade persoal e familiar, en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, así como de conformidade coas alíneas c) e d) do artigo 15.2 da Lei de subvencións de Galicia.



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos)
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- ORDE do ___ de _____ de ____ pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións para a concesión directa de bolsas e axudas para persoas traballadoras desempregadas que participen en accións formativas de formación profesional para o emprego do Catálogo de Especialidades Formativas do Servizo Público de Emprego Estatal ou do Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade correspondentes aos exercicios 2023 e 2024 (código de procedemento TR301V).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------



- ☐ Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación
- ☐ Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de



COMPROBACIÓN DE DATOS DE TERCEIRAS PERSOAS INTERESADAS

TR301V - BECAS E AXUDAS PARA PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS QUE PARTICIPEN EN ACCIÓNS FORMATIVAS DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade este documento deberá ser asinado por unha das persoas proxenitoras, titor/a ou representante legal e, no suposto de non dispor de NIF, deberán achegar a data de nacemento do menor. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	DATA DE * NACEMENTO (DD/MM/AAAA)	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS		SINATURA
				NOME E APELIDOS	NIF	Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas nas circunstancias que lle sexan de aplicación	OPÓÑOME Á CONSULTA	
		☐				☐ Certificado de residencia	☐	
		☐				☐ Consulta do grao e nivel de dependencia	☐	
		☐				☐ Título de familia numerosa	☐	
		☐				☐ Certificado de residencia	☐	
		☐				☐ Consulta do grao e nivel de dependencia	☐	
		☐				☐ Título de familia numerosa	☐	
		☐				☐ Certificado de residencia	☐	
		☐				☐ Consulta do grao e nivel de dependencia	☐	
		☐				☐ Título de familia numerosa	☐	
		☐				☐ Certificado de residencia	☐	
		☐				☐ Consulta do grao e nivel de dependencia	☐	
		☐				☐ Título de familia numerosa	☐	
		☐				☐ Certificado de residencia	☐	
		☐				☐ Consulta do grao e nivel de dependencia	☐	
		☐				☐ Título de familia numerosa	☐	
		☐				☐ Certificado de residencia	☐	
		☐				☐ Consulta do grao e nivel de dependencia	☐	
		☐				☐ Título de familia numerosa	☐	
		☐				☐ Certificado de residencia	☐	
		☐				☐ Consulta do grao e nivel de dependencia	☐	
		☐				☐ Título de familia numerosa	☐	

(*) Unicamente para menores de idade que carezan de NIF

De non ser suficiente o espazo previsto no cadro anterior, deberanse cubrir e enviar tantos anexos como sexan necesarios.



ANEXO II
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------